

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Educación ambiental para o desenvolvemento				
Materia	Educación ambiental para o desenvolvemento			
Código	P02G120V01901			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Varela Losada, María Mercedes			
Profesorado	Varela Losada, María Mercedes			
Correo-e	mercedesvarela@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo principal a educación para un desenvolvemento sustentable. Os contidos farán especial fincapé no desenvolvemento de aspectos prácticos relacionados cos procedementos, técnicas e estratexias para elaborar e aplicar programas ou actividades de Educación Ambiental (EA).			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
B4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
B5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
B6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
B8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
B9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable
B10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes

B11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C23	Analizar e incorporar de forma crítica las cuestiones más relevantes de la sociedad actual que afectan a la educación familiar y escolar: impacto social y educativo de los lenguajes audiovisuales y de las pantallas; cambios en las relaciones de género e intergeneracionales; multiculturalidad e interculturalidad; discriminación e inclusión social y desarrollo sostenible
C29	Recoñecer a mutua influencia entre ciencia, sociedade e desenvolvemento tecnolóxico, así como as condutas cidadás pertinentes, para procurar un futuro sostenible
C30	Desenvolver e evaluar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover a adquisición de competencias básicas nos estudantes
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D5	Coñecemento de informática relativos ao ambito de estudo
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar
D11	Traballo nun contexto internacional
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D14	Razoamento crítico
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma
D17	Adaptación a novas situacións
D18	Creatividade
D19	Lideranza
D20	Coñecemento doutras culturas e costumes
D21	Iniciativa e espírito emprendedor
D22	Motivación pola calidade
D23	Sensibilidade por temas ambientais

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar, especialmente en relación co desenvolvemento sustentable	A1 A2 A3 A4 A5	B3 B5 B6 B11	C23	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23

Suscitar e analizar problemas asociados coas ciencias, a vida cotiá e o medio ambiente, así como o desenvolvemento de accións cidadás pertinentes, para procurar un futuro sustentable	A1 A2 A3 A4 A5	B4 B7 B8 B9	C29	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23
Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover a adquisición de competencias básicas nos estudantes , no marco da Educación Ambiental	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B4 B5 B6 B10 B12	C30	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D22 D23

Contidos	
Tema	
BLOQUE 1. Análise da problemática ambiental	A crise ambiental Problemas ambientais do mundo actual. Diferentes alternativas ante a problemática ambiental. Desenvolvemento sustentable.
BLOQUE 2. Aproximación conceptual á Educación ambiental	Perspectiva histórica, concepto e fundamentos
BLOQUE 3. Incorporación da Educación ambiental ao currículo de Educación Primaria	Metodoloxías, recursos e materiais O deseño e posta en práctica de programas de EA para Educación Primaria Avaliación de actividades, programas e recursos de EA para Educación Primaria

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentación	8	15	23
Traballo tutelado	15	28	43
Aprendizaxe baseado en proxectos	12	28	40
Seminario	10	10	20
Saídas de estudo	1	2	3
Prácticas de laboratorio	7	14	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Presentación	Actividades expositivas do profesorado sobre os ámbitos temáticos da materia. Elaboración e exposición de presentacións-resumen sobre os traballos realizados na materia polo alumnado
Traballo tutelado	Actividades e tarefas desenvolvidas na aula de forma grupal participativa e individual, tuteladas polo profesorado
Aprendizaxe baseado en proxectos	Elaboración de proxectos integrados e relacionados coa Educación Ambiental no marco da Educación primaria, onde se fomenta a actividade autónoma do alumnado
Seminario	Resolución de dúbidas, consulta e seguimento dos traballos
Saídas de estudo	Planificación e realización de saída para estudo e/ou recolleita de mostras no medio
Prácticas de laboratorio	Actividades prácticas tuteladas relacionadas coa Educación Ambiental (prácticas experimentais, talleres, saídas...)

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Presentación	Atención personalizada (individual e en pequeno grupo) para a elaboración e exposición de presentacións-resumen sobre os traballos realizados na materia polo alumnado, así como nas dúbidas que poidan xurdir nas actividades expositivas do profesorado. As sesións de titorización poderán realizarse presencialmente ou por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de FAITIC, ...) baixo a modalidade de concertación previa.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Atención personalizada (individual e en pequeno grupo) para a elaboración de proxectos integrados e relacionados coa Educación Ambiental no marco da Educación primaria, onde se fomenta a actividade autónoma do alumnado. As sesións de titorización poderán realizarse presencialmente ou por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de FAITIC, ...) baixo a modalidade de concertación previa.
Traballo tutelado	Atención personalizada (individual e en pequeno grupo) para a elaboración de actividades e tarefas desenvolvidas na aula de forma grupal participativa e individual. As sesións de titorización poderán realizarse presencialmente ou por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de FAITIC, ...) baixo a modalidade de concertación previa.
Prácticas de laboratorio	Atención personalizada (individual e en pequeno grupo) para a realización de actividades prácticas e entregas de cadernos de laboratorio. As sesións de titorización poderán realizarse presencialmente ou por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de FAITIC, ...) baixo a modalidade de concertación previa.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Presentación	Avaliación continua a través da elaboración e exposición de traballos	15	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C23 C29 C30	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23

Traballo tutelado	Avaliación global do proceso de aprendizaxe e adquisición de competencias e coñecementos mostrados a través dos traballos de aula	40	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C23 C29 C30	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23
Aprendizaxe baseado en proxectos	Elaboración continua a través do seguimento do alumnado	25			C23 C29 C30	
Prácticas de laboratorio	Elaboración continua a través do seguimento da realización de actividades prácticas e do diario do alumnado	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C23 C29 C30	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá superar a materia mediante a entrega de traballos de aula.

Para obter unha avaliación positiva é preciso obter a cualificación de aprobado en cada un dos traballos e probas de avaliación.Además valorarase como condición imprescindible o aproveitamento adecuado das sesións de aula e a participación correcta nos equipos.

A cualificación final será obtida mediante a acumulación porcentual de cada unha das cualificacións singulares.

De non ter superada a materia na primeira oportunidade de avaliación, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo.

As datas de exames pódense consultar na web da facultade no apartado de organización académica http://http://fcced.uvigo.es/gl/docencia/exámenes

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

González Reyes, L. y Sanz, A., **Educar para la transformación ecosocial : orientaciones para la incorporación de la dimensión ecosocial al currículo**, 978-84-95801-45-6, 1ª, FUHEM, 2017

Mogensen, F., Mayer, M., Breiting, S. y Varga, A., **Educación para el desarrollo sostenible: tendencias, divergencias y criterios de calidad**, 1ª ed., Graò, 2009

Novo, María, **Educación Ambiental. Edición revisada**, 1ª ed., Universitas, 2017

UNESCO, **Educación para los objetivos del Desarrollo Sostenible**, 978-92-3-300070-4, 1ª, UNESCO, 2018

Bibliografía Complementaria

Álvarez, Pedro y Vega, Pedro, **Actitudes ambientales y conductas sostenibles. Implicaciones para la educación ambiental**, 2009

Arias, A.; Arias, D.; Navaza, V.; Rial, D., **O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria**, 1ª ed., Consellería de Educación e Ordenación Universitari, 2009

Martínez Castillo, Roger, **La importancia de la educación ambiental ante la problemática actual**, 2010

Pujol, Rosa; Vilches Amparo; Gil, Daniel,.., **La sostenibilidad un compromiso de la escuela**, 1ª ed., Graò, 2006

Recomendacións

Outros comentarios

Suxírese asistencia e participación nas actividades individuais e **titorías

Plan de Continxencias

Descrición

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia.

Así, no caso de que non se poda levar a cabo a modalidade de ensinanza presencial, haberá unha adaptación das metodoloxías docentes aos medios telemáticos. A actividade docente impartirase mediante Campus Remoto e empregarase asemade a plataforma de teledocencia Moovi como reforzo, sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes

Neste contexto manterase a organización da materia por tarefas e proxectos, de forma que se siga promocionando o traballo autónomo do alumnado tanto a nivel individual como grupal.

En relación coas prácticas de laboratorio, estas acondicionásense ao contexto, primándose aquelas que se poidan realizar en contornas virtuais e aquelas que o alumnado poida realizar de forma autónoma.

Ademais, a través de Moovi facilitaráselle ao alumnado toda a documentación adicional necesaria: materiais de estudo, calendarios de entregas e criterios de avaliación.

A atención personalizada realizarase, neste caso, de forma telématica (correo electrónico, videoconferencia, foros, ...) baixo a modalidade de concertación previa.

A avaliación manterase segundo o disposto nesta guía docente, excepto en relación co requisito de asistencia, que se adaptará ás horas presenciais impartidas.